

RESOLUCIÓN da Comisión de Selección pola que se aproban e se fan públicas as puntuacións provisionais do baremo correspondente aos procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B) (DOG n.º 206, do 28 de outubro, corrección de erros, DOG n.º 216, do 14 de novembro).

Mediante a Orde do 19 de outubro de 2022 convocáronse procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño, mestres de taller de artes plásticas e deseño e de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001B) (DOG n.º 206, do 28 de outubro, corrección de erros, DOG n.º 216, do 14 de novembro).

Con data do 20 de febreiro de 2023 publicouse, na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o Acordo desa data da Comisión de Selección nos procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, a corpos de persoal docente non universitario dependentes da consellería competente en materia de educación (ED001B) polo que se fai pública a puntuación mínima necesaria no autobaremo en cada especialidade e quenda para que a solicitude sexa valorada.

A súa vez a base novena desta convocatoria pública establece que a selección do persoal aspirante será realizada por unha Comisión de Selección constituída por persoal funcionario con destino na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e na base décima regúlanse as súas funcións, entre as que figura, a da publicación das puntuacións provisionais dos méritos do persoal aspirante.

De conformidade coas ditas bases, e para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no apartado sexto da base décimo primeira da Orde do 19 de outubro de 2022 relativo as puntuacións provisionais, outorgadas ao persoal admitido de xeito definitivo e, e de ser o caso, ao persoal que resultara apto na proba de coñecemento de lingua galega, destes procedementos selectivos extraordinarios de estabilización para o ingreso, a Comisión de Selección,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer pública, na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal), como anexo a esta resolución, as puntuacións provisionais do baremo do concurso de méritos (Anexo II da orde de convocatoria), desagregada por corpos e especialidades, por epígrafes e por orde de puntuación outorgada.



Segundo. Contra a puntuación provisoria, de conformidade co apartado sétimo da base décimo primeira da citada orde, o persoal interesado poderá formular, por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto no procedemento normalizado código ED001B na Carpeta cidadá e dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, as reclamacións que coide oportunas, no prazo máximo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da dita consellería, no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O presidente da Comisión de Selección

José Luis Canosa Baldomir

